



O doutor Ramón Amigo Brey

José Manuel Bértolo Ballesteros
joberba4@hotmail.com

Resumo. Ramón Amigo (1860-1921) foi un doutor famoso tanto na Coruña, onde exerceu, como en Oca, onde naceu. Presentamos á súa familia, a súa formación académica e exercicio profesional e diversas anécdotas sobre o seu xeito de actuar, que foron obxecto de interese da Condessa de Pardo Bazán, de Victoria Armesto e outros.

Abstract. Ramón Amigo (1860-1921) was a famous doctor both in La Coruña, where he practiced, and in Oca, where he was born. In this article we described his family, his academic training and professional practice and several anecdotes about his way of acting, which were the subject of interest of the Countess Pardo Bazán, Victoria Armesto and others.

Ramón Amigo Brey, o fillo máis novo de José e Carmen, naceu en Oca o 6 de maio de 1860 e foi bautizado cos nomes de Ramón Antonio José, se ben será coñecido comunmente como D. Ramón.

Seu pai, José Amigo Gómez, fillo de Andrés e Bernardina, era natural de Abades (Silleda) e casou en Oca o 30 de maio de 1840 con María de Carmen Ramona Brey Batallán, bautizada o 9 de setembro de 1818 en Oca, filla de Antonio Brey Remesar e de Josefa Batallán Ribadulla.

José Amigo era mestre ferreiro e traballou para a igrexa de Calobre e Ribela, entre outras. O seu oficio levouno a ter unha boa situación económica e social, de aí que, cando morreu o matrimonio, foron considerados polo párroco como *Dona Carmen* e *Don José*. Ela foi enterrada o 29 de novembro de 1884 e *los curas que celebraron la misa ninguno cobró por amistad con la familia de la finada*. José morreu aos oitenta anos o 21 de xaneiro de 1897, tendo outorgado testamento conxunto ante Antonio María Mareque, escribán do Ulla, o 15 de xuño de 1884. Curiosamente Carmen no testamento dicía ter 59 anos, cando en realidade xa tiña 65 anos.



Casa paterna. Oca

José e Carmen, casados cando tiñan 22 e 21 anos respectivamente, tiveron dez fillos entre 1841 e 1860, dos que catro morreron de nenos e cando fixeron testamento en 1884 só vivían catro. Curiosamente os dez fillos levaron como primeiro ou segundo nome o de Antonio ou Antonia, pois foi padriño de todos eles o seu avó materno Domingo Antonio, que era coñecido comunmente como Antonio.

O seu segundo fillo, pero o maior tras morrer aos dous anos e medio o seu irmán Antonio, chamábase Manuel Antonio. Manuel Amigo (1842-1936) viviu os seus noventa e catro anos sempre en Oca, onde traballaba de ferreiro, armeiro e mecánico. Consta, por exemplo, que en 1876 fixo a fechadura e chave para a sancristía de Berres. En 1909 Manuel presentou nunha exposición en Santiago unha pedra serpentina extraída na parroquia de Abades, de onde era seu pai, e en 1911 era presidente da *Asociación Agraria de Oca*, que organizou unha nunca vista *Festa da árbore*, na que os nenos plantaron 24 árbores, algunhas con inscricións nas que constaban os nomes de diversos persoeiros, e que foron acompañados con músicos e recompensados cunha merenda. Dado que Manuel traballaba e vivía cos seus pais, foi mellorado no testamento coa casa na que vivían no lugar de Oca de Arriba, número 7.

Outra filla foi Rosa Antonia, bautizada o 25 de setembro de 1850 e casada o 31 de xaneiro de 1880 con Severo Rey Brey, veciño de Oca, foi a nai de Arturo Manuel Bono, bautizado o 25 de novembro de 1880. Este matrimonio vivía no lugar de Outeiro. Cando casa-



Cruz de ferro no camposanto de Riobó, atribuída a Manuel Amigo



Manuel Amigo


ron, o pai de Rosa prometeulle 1000 pesetas á conta da lexítima, que lles entregou dous meses despois.

Outro fillo chamado Andrés Antonio, bautizado o 10 de novembro de 1857, foi tamén ferreiro e casou María Josefa López.

Ramón Amigo estudante exemplar

Ramón Amigo fixo os estudos secundarios no instituto de Santiago de Compostela entre os anos 1874 e 1878, obtendo o título de bacharel coa cualificación de sobresaliente. No ano 78 matriculouse na Facultade de Medicina en dúas materias: Anatomía e Disección, e na Facultade de Ciencias Exactas Física e Naturais en tres: Física, Química e Historia Natural. Logo continuou na de Medicina tendo en todas materias da carreira a cualificación de sobresaliente, agás un notable e un bo. De aí que, ao rematar, o decano permitiulle optar ao premio extraordinario de título de licenciado en Medicina e Cirurxía. E nos últimos meses estivo de alumno supernumerario no Hospital Clínico da Facultade de Medicina¹.

1 AHUS. Expediente académico.



Tese doutoral de Ramón Amigo

Logo trasladouse a Madrid para conseguir o grao de Doutor na facultade de Medicina e así con só 24 anos, o 16 de xuño de 1884, presentou ante o tribunal a súa tese doutoral titulada *De la pelagra o mal de la rosa*, unha enfermidade da pel, e que foi publicada² en 1903. O orixinal da tese, escrita a man polo propio doutorando, consta de 81 folios e hoxe en día é accesible a través de internet a calquera que teña interese³.

Ramón Amigo fíxose doutor coa axuda dun benfeitor, segundo Victoria Armesto e Emilia Pardo Bazán, aínda que don Manuel Reimóndez Portela nega este aserto, pois di que sería a súa familia, *una casa de las más importantes de la parroquia desde el punto de vista económico*, quen lle costeou os estudos. En efecto, seus pais confesan no seu testamento que *con el D. Ramón tuvieron que realizar crecidos gastos para seguir los estudios y aún los están haciendo*, pois aínda non rematara o doutorado.

O doutor Amigo

Aos 29 anos é nomeado *Médico Director numerario de baños y aguas minero-medicinales*, polo que vai traballar uns meses no balneario de Archena (Murcia) e no de Arlanzón (Burgos), e ao ano seguinte (1890) é nomeado director do balneario de Arteixo (A Coruña). Tres meses máis tarde un periodista, que falaba das deficiencias dos balnearios e en concreto do de Arteixo, dicía: *Una mejora observan hoy los pacientes y cuantos constituyen aquella colonia balnearia, sobre todo los que no visitan los baños por vez primera: es el Médico-Director, Sr. Amigo Brey, persona de muy afable trato, que tiene encantados a sus enfermos, y en grado sumo inteligente e instruido*⁴. Dous anos despois xa era un reputado médico na Coruña.

Pero o doutor Amigo tamén se preocupaba activamente por outras cuestións que contribuían ao benestar dos veciños. Foi el

2 Tipografía Galaica.

3 <https://patrimiodigital.ucm.es/s/patrimonio/item/185126> (9/10/2023)

4 *La Voz de Galicia*, 27/7/1890.



Dr. Amigo, foto de Sellier

quen en 1892 conseguiu levar o teléfono que comunicaba A Coruña co balneario de Arteixo:

D. Ramón Amigo Brey fue el quien venciendo grandes prevenciones que podemos llamar rurales y superando otras muchas dificultades ha dispuesto el establecimiento de la comunicación telefónica entre Arteixo y la Coruña, servicio que costea de su exclusiva cuenta. [...] Podrán comunicarse con el renombrado balneario, donde hay dos receptores, uno en casa del Director, Amigo Brey, y otro para uso del público, donde se hospeda la Guardia civil⁵.

⁵ *La Voz de Galicia*, 22/6/1892.

Para estar ao día nos temas de medicina acudía frecuentemente a Congresos, xa fose en Santiago, Madrid e mesmo en París, como podemos ver a través dos libros, folletos e opúsculos que deixou na súa casa. Na biblioteca hai exemplares en francés, alemán e inglés, idiomas que seguramente dominaba.

Aínda que sempre se fala do doutor Amigo como que se baseaba na súa intuición para atender as doenzas dos seus pacientes, xa en 1901 utilizaba un aparato de raios x, para facilitar as exploracións, coa cooperación do famoso fotógrafo coruñés o señor Sellier. Esta relación con Sellier pode explicar a súa afección á fotografía, referendada por algúns veciños.

Por outra banda foi un dos primeiros galenos galegos que se formou en Psicoanálise.

Hai que dicir que Amigo falaba case sempre en galego, aínda que na cidade da Coruña, con militares, funcionarios, navegantes, etc., todos de diversa procedencia, predominase o uso do castelán.

Ramón casou a finais de 1899 en Miranda de Ebro con Teresa de Enciso y Hurtado de Mendoza, pero non tivo descendencia. Finou o doutor o 9 de xuño de 1921 na Coruña. Tras quedar viúva Teresa seguiu as pegadas do seu marido en canto á súa relixiosidade, xa que foi presidenta do Apostolado de la Oración (1938) e traballaba a favor dos pobres como presidenta das Escolas Nocturnas de Santa Teresa de Jesús para mozas obreiras (1929).

Anécdotas do doutor Amigo

Dado que xa non quedan testemuñas directas do seu labor, só nos quedan as hemerotecas e os escritos que fixeron persoas que o coñeceron e quixeron render homenaxe ao seu traballo como médico. Persoas por outra banda famosas, como son a condesa de Pardo Bazán, Victoria Armesto, Reimóndez Portela e Pérez Hervada, entre outros.

En 1909 o doutor Rodríguez e o doutor Amigo eran os médicos máis afamados na Coruña. Así nunha reportaxe periodística falase dun señor farmacéutico de Viana do Bolo que veu para que o atendesen estes dous médicos e que foi afortunado non só por ser atendi-

do por eles, senón porque aquí se informou de que tiña un billete de lotería premiado co gordo de Nadal⁶.

E en 1913 atopándose enfermo o cardeal-arcebispo da diocese de Santiago Mons. Martín Herrera, residiu uns días no convento das Capuchinas da Coruña, onde Amigo Brey o atendeu ata que ao cabo dunha semana xa se repuxo⁷.

Don Eduardo Pérez Hervada (1902-1996), tamén médico, ademais de xornalista e escritor galego, ao falar da *Renovación da medicina gallega* cóntanos que:

En 1918, el año de la gripe con más defunciones que en la guerra europea de 1914, los vecinos del tercer piso de la casa numero tres de la calle de Feijoo no podían frecuentemente subir a sus pisos por encontrarse la escalera llena de paisanos que, antes de concurrir a la romería de la Virgen de Pastoriza se consultaban con el médico Ramón Amigo Brey, ese hombre alto, un tanto encorvado y desgarrado, desaliñado en el vestir, siempre con su zamarra y su bastón, madrugador y paseante por Riazor antes de abrir el día, con quevedos, bigote poco cuidado, parco en palabras y abundante en extravagancias harto comentadas, y un termómetro con lupa adosada y corrediza para no equivocarse ni en una décima, todavía conservado como una reliquia. Amigo, decimos, era medio brujo y medio adivino, con aires de médico e incrustaciones de curandero, muy original en sus procedimientos curativos y obsesionado en no firmar los certificados cuando le fallecían sus pacientes. En “Curanderismo y superstición” tiene dedicado un capítulo relatando algunas de sus genialidades y sistemas. Y allí se hablaba de unos ojos inquisitivos, de penetrante mirada, clave de sus éxitos. Dominaba a los enfermos de modo autoritario y brusco; apenas les observaba y decidía rápido cualesquiera de sus innumerables recursos en busca de reacciones convenientes en el sentido de la curación. Sus remedios eran inéditos y un tanto pintorescos, y lo que resultaba más admirable consistía en inyectar esperanzas inmediatas y seguras⁸.

Victoria Armesto falando do médico Rodríguez di que este se chamaba librepensador,

pola contra o seu colega, o tamén popular doutor Amigo, era un beato. Pasábase gran parte da mañá na eirexa dos Xesuítas onde asistía a dúas ou tres misas. Cando ao fin saía da eirexa, o doutor Amigo, e máis a muller, marchaban para o monte de Santa Margarita onde recollían herbas medicinais. A meia mañán chegaban ao domicilio e consultorio sito na rúa de Feixóo.

– ¡Hai moita xente na consulta? –preguntáballe o doutor Amigo ao criado, falando como sempre en galego,

6 *La Voz de Galicia*, 24/12/1909.

7 *La Voz de Galicia*, 2/4/1913, 8/4/1913.

8 *La Voz de Galicia*, 9/2/1983.

Sinatura de Ramón, 1884

– Están as dúas salas cheas.

– Daquela voume –dicía o doutor Amigo. E volvíase para os Xesuítas a seguir outra misa.

O doutor Amigo tiña dúas salas de espera. Cando entraba na consulta unha persoa elegante, o criado levábaa a unha sala, se chegaba unha persoa mal vestida iba para a outra sala. Pasaba o probe e o doutor Amigo non lle cobraba. Pasaba o rico e pagaba polos dous. O doutor Amigo foi un dos primeiros médicos galegos que fixo prácticas de Psicoanálisis. Era un home moi orixina⁹.

Que era relixioso e moi caritativo, tamén nolo confirma don Manuel Reimóndez, que di que entregaba cartos ao párroco de Oca para distribuílos entre os veciños máis necesitados.

O doutor Amigo cría nos menciñeiros e ata os recomendaba a algún dos seus pacientes, singularmente os que padecían fracturas de ósos. – *Vaite ver a fulano* (aquí o nome do menciñeiro) *e verás que te cura de contado*. Noutra ocasión mandou unha paciente a unha menciñeira da cidade vella para que lle endereitase o lombo quebrado poucos días antes por un accidente. E a curandeira, curouna.

Conta Victoria Armesto que cando lles preguntaba aos pacientes que médicos visitara e estes respondían un nome distinto ao seu ou ao do médico Rodríguez, inmediatamente lles dicía: *Usté é parvo. Usté non sabe que na Cruña non hai máis que dous médicos bos, un tolo e outro borracho*. O tolo loxicamente era el¹⁰.

Victoria Armesto nas súas conferencias e faladoiros contaba diversas anécdotas, ás veces inverosímiles, atribuídas ao doutor Amigo. Seguramente algunhas foron certas e outras modificadas, pero todas nos dan idea da personalidade do noso doutor. Algunhas destas anécdotas tamén nolas conta don Manuel Reimóndez Portela:

Quien no oyó hablar que el médico Amigo, puesto en el trance de resolver el grave problema de un parto, recurrió al expeditivo medio de disparar un tiro

9 ARMESTO, V. (1973) *Verbas galegas*. Ed. Galaxia. Vigo, páx. 100-101.

10 *La Voz de Galicia*, 18/7/1974.

de pistola de la cama de la parturienta, con lo cual y dado el esfuerzo del susto, alumbró con toda rapidez.

Consultando un niño llegado de Madrid, que padecía una erupción en la cara, por único remedio le indicó a la madre que cazase los ratones que tenía en la habitación del niño, ya que de noche venían a lamer los restos de azúcar o dulce que le quedaban al enfermito en el rostro, produciéndose su crónica erupción. Personas que conocieron bien al Médico Amigo me lo contaron como sucedido por enfermo de estas tierras, y no llegado de la capital.

La enferma que cansada de aplicar pociones a unas úlceras en las piernas fue a visitarle y solo le recomendó que se dejase de pomadas y guardase cama, con lo cual curó. Actitud terapéutica muy racional y ortodoxa pero que impuesta por él tomaba un valor de excepción. Este mismo caso nos lo contaba un primo de él residente en Abades, quien aseguraba que fue a consultar con su tío a La Coruña; le recibió con gran alegría, charlando continuamente de la familia y la tierra natal, sin preguntarle cual era el motivo de su visita. Una vez que consiguió informarle de su herida en una pierna, se levantó Amigo y marchando lentamente hacia una ventana murmuraba por lo bajo... «se quieres curar, quédate na cama» le invitó a comer y sin más explicaciones regresó decepcionado a su domicilio donde su madre le aconsejó que guardase cama para probar... y claro, curó.

Sobre la enferma que había perdido la voz por un susto conocemos también dos versiones para hacérsela recuperar, la que consistía en bajar con ella por la escalera y darle un buen empujón y la de llevarle al muelle donde estaba de acuerdo con un marinero para tirarla al agua de otra forma, pero susto al fin para curar otro.

Es muy conocida la anécdota del enfermo con padecimiento gástrico al que le indicó con su pose habitual que fuera a su casa y quitara un caldero de cobre que sin saber tenía en el pozo de cuya agua bebía.

El enfermo llegado de Cuba luciendo un precioso cinturón de piel de «maja» (culebra de aquel país) y le ordenó sacarlo cuanto antes... porque le producía alergia. O el enfermo que creía padecer una grave afección de garganta y le enseña una minúscula ramita de pino que tenía en la mano asegurándole que se la había sacado de ella con lo cual quedaba curado¹¹.

Emilia Pardo Bazán no seu conto *Argumento*¹² fai unha descrición dun médico, que todo o mundo atribúe ao doutor Amigo.

¿Quién no conoce á aquel médico, no solo en la ciudad, sino en la provincia, y aun en Madrid, que él desdeña profundamente? Son muchas las cosas con sinceridad, sin alharacas. Podría ser rico; su fama de mago, más que de hombre de ciencia, le permitiría exigir fuertes sumas por las curas increíbles que realiza; pero para él existen la conciencia, el alma, la otra vida –un sinnúmero de cosas que mucha gente suprime por estorbosas y tiránicas- y se limita á tomar lo que basta al modesto desahogo de su existir. No tiene coche, ni hotel, ni cuenta

11 REIMÓNDEZ PORTELA, M. A *Estrada rural*. Deputación de Pontevedra, páx. 257-8

12 PARDO BAZÁN, E. *Cuentos Trágicos*. (s/d) Renacimiento S.A. E Madrid páx. 191-197.

corriente en el Banco; en cambio espera tener un lugar en el cielo, al lado de los médicos que hayan cumplido su deber de cristianos, que algunos hay, y hasta en el Santoral los encontramos, con su aureola y todo. El doctor –llamémosle el doctor Zutano– abre su consulta á las ocho de la mañana; y desde las cinco, en invierno, hay gente esperando en su portal, en su escalera, y en su antesala, si el fámulo lo permite. Dentro ya, divídense los clientes: en un aposento aguardan los de pago, los ricos; en otro, aislado, los pobres, los que no pagan. Invariablemente, la consulta empieza por un pobre; pasa luego un rico; y así, alternativamente, hasta que el médico, rendido de cansancio, necesitando ya reparar las fuerzas con frugal almuerzo, da por terminada la faena del día.

Jamás se vio ni leve diferencia en la duración de las consultas gratuitas y las pagadas. Con igual calma, con el mismo interés nuevo y fresco en cada caso, registra el doctor Zutano las peludas orejas de un faenero del muelle, que los limpios dientes, fregados con coralina, de la remilgada señorita, á la cual se dirige severo y conciso como un dómine. Porque el doctor reconoce siempre oídos y dientes ante todo, y uno de sus timbres de gloria es haber curado hasta casos de locura extrayendo, entre irónico y triunfante, una bolita de cera de un conducto auditivo.

Jamás se vió que el doctor aplazase operación que juzgara necesaria. Pocos preparativos, acción rápida, como la de un animal que se guía por el instinto, y esa felicidad en el resultado, que caracteriza al cirujano genial. Tanto aparato, tanto aparato para cosas tan sencillas –repite, despreciativo, burlando un poco de la escenografía científica, que no se hizo para él. Bah, bah! Las cosas, á la pata la llana...

Lo más curioso de un hombre tan digno de estudio en su psicología, son seguramente sus ideas políticas y sociales. Para que nos las expliquemos, tendremos que retroceder hasta los místicos franciscanos de la edad Media, aquellos que, prontos a la sumisión y al fervor y á la penitencia hasta morir, amaban á los pobres y á los humildes y reprendían dura y satíricamente los defectos del Papa. El doctor Zutano es grande amparador de los desheredados, y tiene para ellos preparado el auxilio y la generosa limosna de su ciencia, á cada instante. A los poderosos de la tierra no les conoce sino cuando sufren, cuando son mísera carne enferma, iguales al menesteroso ante el dolor.

De las señorita y señoras que van á consultarle emperifolladas y trascendiendo a esencias, suele mofarse, poniéndolas como un trapo. Ni los personajes políticos, ni los aristócratas, ni los plutócratas, impresionan al doctor. Hijo del pueblo, lo recuerda con fruición, como recuerda con expansión de gratitud íntima, al señor que costeó su carrera. Lo demás, le es indiferente; los que acuden á su consulta no son sino hombres, y sus órganos que sufren no se diferencian de otros órganos encallecidos por el trabajo, ó deformados y atrofiados por azares de una vida miserable, por falta de subsistencia, por miseria, en fin. Humanidad doliente ahora, polvo y ceniza mañana –excepto la luminosa partícula, el espíritu, que dará cuenta y será responsable ante la justicia inmanente... En el barro, el doctor no hace diferencias. Como ignora la ambición y la vanidad, no se inclina ante nadie. Tal vez se inclinase hasta el suelo ante dos cosas sagradas: la maternidad y la inocencia. Las madres que no aman á sus hijos con violento



Casa paterna. Oca

amor, le son antipáticas. La queja de la madre, la del padre, le ablandan, resuenan en su corazón. Y el doctor no tiene hijos.

Un día en aquella antesala del doctor, donde se entrecruzan conversaciones palpitantes de oscura esperanza, y corre el vago estremecimiento de lo maravilloso, esperaba un hombre como de unos cuarenta y pico de años, vistiendo remendada blusa, y acompañado de un niño de unos once, acaso más, porque la enfermedad que le consumía desmedraba su estatura y limitaba su desarrollo.[...] al cabo, llególes el turno, y, procurando no pisar fuerte, entraron respetuosos en el despacho sencillo, con altas vitrinas, rellenas de instrumentos y material quirúrgico relampagueaban con reflejos de acero, al rayo del sol que pasaba al través del cierre de cristales.

El doctor Zutano suele preguntar rápidamente: a veces no pregunta, porque adivina. Imponiendo las manos, como un antiguo taumaturgo, suele acertar con solo el tacto.

Ya sabemos, ya, lo que ocurre... el chiquito padece un tumor... bueno, un bulto... no le importa a usted donde... dentro, me entiende? Y hay que quitárselo, y cuanto antes! Mejor ahora que mañana.

El padre se rascaba la cabeza, indeciso.

-Y eso me costará mucho dinero, señor?

-No le cuesta nada, santiño! ¿Qué le va a costar? Esta tarde vuelve usted con el chiquillo; le hago lo que hay que hacer; le pongo las vendas; trae usted una camilla, o un colchón; se va con usted a su casa; yo paso a verle, unos días, hasta que no necesite más visitas; y concluido. ¿Piensa que no comprendo yo que usted no es ningún banquero?

- Soy un pobre obrero, señor!

- En que trabaja? Mi padre era cerrajero. ¿sabe?

- Soy carpintero de armar... pero ahora estamos en huelga.

- En huelga? - preguntó severamente el médico, frunciendo el ceño y clavando el mirar en la cara del cliente.

– Si señor... Eso no es cosa mala... Como usted me enseña, con la huelga nos defendemos de los patronos. Ejercemos un sagrado derecho.

– Bueno, bueno... ¿En huelga, eh? Pues venga esta tarde. Le espero.

A la tarde, el doctor desnudó al niño, le extendió sobre la mesa, y le adormió con el cloroformo, porque la operación era y tenía que ser larga. Con la celestidad asombrosa que le caracteriza, abrió de un seguro tajo el costado, por la espalda, y fue ensanchando la incisión y aislando el tumor para extraerlo. El padre, de pie, con el aliento congojoso, miraba el instrumento que sajava y cortaba en aquella carne de sus amores. Un temblor agitaba sus miembros, y por su frente rezumaba un sudor frío. ¡Que herida tan enorme! ¿No le sacarían por allí las tripas, al malpocado? ¿No le vaciarían, como a un cerdo? Y cuando la atroz hipótesis se le estaba ocurriendo, he aquí que el doctor suspende su trabajo, levanta el bisturí... y, sentándose cerca de la ventana, coge un libro y se pone a leer tranquilamente.

Que es eso, señor? ¿No sigue? –preguntó el padre, receloso.

No, hombre...–exclamó el médico, calmosamente– ¡Me declaro en huelga!

Que dice? –exclamó aterrado el obrero, sin saber si el doctor Zutano hablaba en serio o bromeaba.

– No esta claro? Soy huelgista yo también... Vaya, esto se deja para otro día. Abur. Me retiro a descansar.

– Pero... ¿Y el niño? ¿Va a quedarse así el niño?

– Y a mi que me cuenta? La huelga es un derecho, un derecho sagrado.

– Pero, señor, el niño! ¡que está abierto, que está ahí como muerto! ¡señor, por el alma de quien tenga en el otro mundo!

Crees tu en el otro mundo? –preguntó muy formal el doctor– Crees en el alma? Mira, lo dudo, porque os tienen mareados y ya no sabeis lo que creéis... En fin, yo me voy a dormir una siesta; estoy en huelga, como sabes.

Más blanco que la cera, el padre; empezando a entender que aquello iba de veras, que su hijo se moría, abierto, despedazado, con el estertor que le causaba el analgésico –echándose de rodillas, gimiendo, imploró:

– Señor, ¡Que es mi hijo! ¡Que soy su padre, señor! ¡Su padre!

– Eso te vale, zángano! –murmuró el médico; –y dando un empujón ligero al hombre para desviarlo, y encogiéndose de hombros, continuó y....

Como di don Manuel Reimóndez:

Si hoy viviese, seguiría curando enfermos con la magia de la palabra y de su gesto y lucharía denodadamente contra la deshumanización de la figura del médico actual.

A historia, en fin, recorda só aos médicos que fixeron algún descubrimiento, presentaron algunha teoría, renovaron unha técnica ou propuxeron un método ou procedemento terapéutico novo. Porén os médicos que se fan famosos polo seu labor profesional só son recordados polos seus pacientes e cando estes desaparecen, a súa

fama faise fume. Así, Ramón Amigo e o médico Rodríguez tiveron moita sona mentres viviron, e mentres que o médico Rodríguez ten na Coruña unha rúa co seu nome e un busto nunha céntrica praza, Ramón Amigo tanto en Oca, onde naceu, como na cidade da Coruña, onde desenrolou o seu labor, é esquecido, pois nin sequera ten unha rúa ou unha placa co seu nome que o recorde e o honre. Sirva este artigo da *Miscelánea* para honrar e perpetuar a súa memoria.

NOTA. As fotos foron facilitadas por Ramón Amigo Barreiro e por Juan Andrés Fernández Castro, aos que damos as grazas pola súa desinteresada colaboración.